INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO O 16 DE NOVEMBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto modificado das obras de remodelación para avanzar na mellora da Residencia de Maiores As Gándaras en Lugo, facéndoa máis humana, accesible e segura, incluído dentro do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU". Importe do modificado: un millón centro dazaoito mil cento sesenta e sete euros con sete céntimos (1.118.167,07 €). Importe total da actuación: dez millóns e cento sesenta e sete mil trescentos trinta e catro euros con catorce céntimos (10.167.334,14 €).

- Acordo polo que se toma razón da contratación da adquisición de dispositivos antiesquecemento de menores destinados á súa instalación en vehículos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se toma razón do paquete integrado de medidas de transferencia de I+D+i: Galicia_Transfire.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza á entidade pública empresarial Augas de Galicia á tramitación do expediente de contratación relativo ao servizo de explotación, mantemento e conservación das estacións depuradoras de augas residuais de Tragove, a Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia (Pontevedra), por un orzamento base de licitación sen IVE, de catro millóns setecentos oitenta e un mil trescentos corenta e oito euros con trece céntimos (4.781.348,13 €) e de cinco millóns douscentos cincuenta e nove mil catrocentos oitenta e dous euros con noventa e catro céntimos (5.259.482,94 €), con IVE e un valor estimado de once millóns trescentos setenta e seis mil seiscentos trinta e seis euros con oitenta e dous céntimos (11.376.636,82 €). Tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ordes para a execución da actuación de "Reforma da estación de tratamento de auga potable de Ordes. Ordes (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, por importe dun millón oitocentos setenta e un mil douscentos oitenta e dous euros con dezasete céntimos (1.871.282,17 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no Concello de Sanxenxo (sector SU-27 Altamira-Vilalonga).

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. (Vipugal) do contrato de servizos de redacción do proxecto básico, proxecto de execución e dirección de obra da rehabilitación dun inmoble cedido polo Concello de Viveiro (Lugo) para o seu destino a 8 vivendas de promoción pública (VPP) e un local municipal cun orzamento base de licitación de cento corenta e seis mil douscentos trinta e oito euros con doce céntimos (146.238,12 €), IVE incluído, e un valor estimado, IVE excluído, de cento vinte mil oitocentos cincuenta e sete euros con noventa e cinco céntimos (120.857,95 €) e cun orzamento de execución por contrata previsto, de dous millóns douscentos trinta e catro mil oitocentos oitenta euros (2.234.880,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto

- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantías nos pagamentos a conta de conformidade co número 4 do artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do programa de axudas de rehabilitación de vivendas no rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2027, con carácter plurianual (código de procedemento VI435E), cun importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de reactivos e funxibles e posta á disposición dos equipos necesarios para realizar probas para a detección molecular de xenotipos de alto risco (oncoxénicos) do virus do papiloma humano (HPV-AR) a partir de mostras de citoloxía líquida e mostras tomadas utilizando un dispositivo de autotoma, por un importe total de licitación de catro millóns catrocentos oitenta e tres mil cincuenta euros, con IVE (4.483.050,00 €) e un valor estimado de catro millóns catrocentos corenta e seis mil euros, sen IVE (4.446.000,00 €). Tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a contratación de terminación das obras do Teatro Cine Fraga de Vigo (Pontevedra), por un importe total de licitación de dezanove millóns seiscentos dezaoito mil trescentos oitenta e seis euros con setenta e catro céntimos (19.618.386,74 €), IVE engadido, e un valor estimado de dezaseis millóns douscentos trece mil cincocentos corenta e dous euros con setenta e seis céntimos (16.213.542,76 €), por procedemento aberto e tramitación anticipada de gasto.

- Acordo polo que se crea e cualifica, como museo, o centro museístico denominado Museo de Ferrol.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto "Estudo integral das condicións sedimentarias óptimas para a mellora da produtividade de bivalvos en bancos marisqueiros: condicións hidrodinámicas, xeomorfolóxicas, texturais e bioxeoquímicas. Marislab", para o período 2025-2027 por importe de douscentos setenta e nove mil oitocentos euros (279.800,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe das liñas de descarbonización e renovación industrial e de préstamos parcialmente reembolsables, Fondo de Transición Xusta.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de construción: Mellora da seguridade viaria na glorieta do p.q. 0+890 da OU-194 en Trado (concello de Pontedeva), cun presuposto base de licitación, IVE incluído, de trescentos noventa e seis mil catrocentos setenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (396.477,35 €).

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras: Renovación de beirarrúas e servizos urbanos na OU-504 en San Cristovo de Regodeigón (Concello de Ribadavia), de clave: OU/20/008.02, cun presuposto base de licitación, IVE incluído, dun millón cento sesenta mil trescentos cinco euros con dezaoito céntimos (1.160.305,18 €).

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras: Acondicionamento da AC-421 en Agualada (Concello de Coristanco), cun presuposto base de licitación, IVE incluído, de oitocentos cincuenta e catro mil cento noventa e un euros con corenta e dous céntimos (854.191,42 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o despregamento das medidas do Plan integral para a mellora da prevención, o benestar laboral e a reincorporación saudable ao traballo en Galicia 2026-2029.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS, EN LUGO, PARA CONVERTELA NUN CENTRO MÁIS HUMANO, ACCESIBLE E SEGURO PARA USUARIOS E TRABALLADORES

- As instalacións ofrecerán máis intimidade, co aumento de número de habitacións individuais en combinación con novos espazos compartidos para facilitar a convivencia, a interacción e a vida comunitaria dos residentes
- A ampliación das zonas de paso e evacuación e a reconstrución das escaleiras de emerxencia para incrementar a seguridade complementarase co illamento térmico de fachada e cubertas, así como o cambio das carpintarías exteriores por aluminio
- Trátase dunha actuación enmarcada no obxectivo do Goberno galego de mellorar de forma continua os servizos públicos para ofrecer ás persoas maiores recursos que lles permitan vivir esta etapa coa mellor atención posible.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao expediente de gasto do modificado das obras de remodelación na residencia de maiores de As Gándaras, no concello de Lugo, para avanzar nunhas obras que buscan facer este centro máis humano, máis accesible e máis seguro.

A actuación, que terá un importe de 1,1 millóns de euros que se suma a un orzamento global de máis de 9 millóns de euros, responde ás necesidades actuais das persoas residentes e do persoal dun centro en funcionamento e, sen interromper a actividade residencial, permitirá que cada usuario poida manter un espazo íntimo nas habitacións e manter ao tempo zonas comúns para convivir e relacionarse.

Entre as melloras destaca o aumento do número de habitacións individuais e solucións que preserven a intimidade nas habitacións compartidas para que máis residentes dispoñan dun espazo propio, que se combinan en paralelo coa habilitación dun cuarto de estar compartido en cada planta para favorecer a convivencia, a interacción e vida comunitaria dos usuarios.

No referente á accesibilidade, adaptaranse a entrada, as habitacións, os baños, os percorridos e os espazos comúns ás necesidades das persoas con mobilidade reducida e aos estándares actuais, facilitando que os residentes poidan facer un uso autónomo do edificio. Tamén se incrementará a protección de usuarios e traballadores coa ampliación e reorganización de espazos para facilitar tanto a circulación como unha posible evacuación e reconstruiranse as escaleiras de emerxencia. A mellora do confort das instalacións completarase co illamento térmico exterior da fachada, o illamento de todas as cubertas e o cambio das carpintarías exteriores por aluminio.

A Residencia de Maiores As Gándaras é un inmoble con preto de medio século de antigüidade e tanto o seu uso intensivo como a configuración dos seus espazos motivan

que desde o ano 2025 se estea levando a cabo esta reforma integral para adaptalo ás actuais normativas de accesibilidade e seguridade e ao modelo de coidados impulsado polo Goberno galego.

Trátase dunha intervención financiada con fondos propios da Xunta e con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea que mellorará de maneira definitiva a distribución, a funcionalidade, a accesibilidade, a seguridade e a calidade de vida na residencia de maiores As Gándaras. Así mesmo, enmárcase no obxectivo do Goberno galego de mellorar de forma continua os servizos públicos para ofrecer ás persoas maiores recursos que lles permitan vivir esta etapa coa mellor atención posible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ENTREGARÁ GRATUITAMENTE ÁS FAMILIAS UN DISPOSITIVO ANTIESQUECEMENTO DE BEBÉS NOS VEHÍCULOS

- Salienta que "Galicia vai ser pioneira" á hora de distribuír este sistema de seguridade entre os pais e nais de fillos menores de 2 anos
- O dispositivo detectará automaticamente se o menor permanece no vehículo unha vez rematado o traxecto e activará unha alerta, sen depender dun teléfono móbil nin de conexión a internet
- A Xunta facilitará este sistema ás familias como parte da Cesta Benvida que se entrega no hospital cando se produce un nacemento e nos centros de saúde cando o rapaz non supera os 2 anos
- Galicia anticípase á decisión da UE de incorporar estes sistemas de seguridade nos novos vehículos, ao ofrecer unha solución que se poderá utilizar tamén nos que xa están en circulación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá que "Galicia vai ser pioneira ao entregar ás familias, de balde, un dispositivo de seguridade que alerta se detecta que un bebé quedou esquecido no vehículo".

O Consello tomou conta da tramitación dun contrato por parte da Consellería de Política Social e Igualdade co fin de adquirir avisadores antiesquecemento de bebés para os vehículos. "É un apoio fundamental para as familias que se destinará a rapaces de 0 a 2 anos", indicou a conselleira de Política Social e Igualdade, que lembrou que Galicia será "a primeira rexión de Europa" en entregar de balde este tipo de dispositivos.

O futuro dispositivo detectará automaticamente se o bebé continúa no vehículo unha vez rematado o traxecto e activará unha alerta para avisar desta situación. Para iso, baséase en sensores de presión ou peso "que emiten unha alarma cando se apaga o motor" se o cativo permanece na cadeira, segundo aclarou a conselleira, que explicou que, ademais, este dispositivo funciona de maneira autónoma, "sen necesidade de utilizar aplicacións móbiles nin de contar con conexión á internet" e podendo así ser utilizado en calquera punto da xeografía.

Rueda explicou que o contrato prevé inicialmente a adquisición "de 40.000 dispositivos", cun orzamento base de licitación de 1,35 millóns de euros.

Tal e como indicou o presidente, "todos os pais e nais que teñan un fillo, a partir do ano que vén, recibirán o dispositivo nos hospitais, como parte da Cesta Benvida", un agasallo que inclúe tamén produtos de hixiene e coidado, complementos e a cartilla de vacinación, entre outros elementos. E ao resto de familias con nenos ata 2 anos entregaráselles nos seus centros de saúde "a través do servizo de Pediatría", salientou. "Simplificamos o proceso porque as familias non terán que solicitalo senón que xa llo entregamos", engadiu a conselleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres Europa avanza cara á incorporación destes sistemas nos automóbiles novos -será obrigatorio no 2031-, a Xunta facilitará gratuitamente o dispositivo ás familias para que poidan contar con esta protección tamén nos que xa teñen na actualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA CREA NOVOS PROGRAMAS PARA IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN AO MERCADO CON MÁIS DE 20 M€ PARA 2027

- Salienta que "se duplica o orzamento" e se pasa "de catro a nove" apoios
- O Consello aproba Galicia Transfire, un paquete de medidas para incrementar o volume e a calidade da investigación que chega ao mercado, tanto desde os centros de coñecemento como potenciada desde as propias empresas
- Por primeira vez articúlase un itinerario integral de apoio, con instrumentos adaptados aos distintos graos de madurez do traballo investigador
- Créanse as unidades mixtas de transferencia ou un novo programa para detectar os proxectos con maior potencial xa nas fases iniciais
- Destaca dúas novas liñas de axuda para proxectos "en biotecnoloxía, intelixencia artificial e cuántica"

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu luz verde "a destinar máis de 20 millóns de euros o vindeiro ano a promover a transferencia de coñecemento da investigación feita en Galicia, a I+G+i". "Isto supón duplicar o orzamento e pasar de catro a nove programas", indicou.

Segundo explicou o presidente, trátase dunha parte fundamental da investigación: conseguir que os resultados da investigación que se leva a cabo en Galicia cheguen ao mercado "en forma de novos produtos e servizos" e contribúan a xerar riqueza e a aumentar a calidade de vida da cidadanía. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a través da Axencia Galega de Innovación, dá un paso máis nesta materia de transferencia e duplica as iniciativas, con instrumentos de apoio adaptados a cada etapa de maduración, co obxectivo de que os resultados avancen progresivamente cara a súa aplicación comercial.

O Goberno galego pon en marcha Galicia Transfire, un conxunto de nove medidas que, por primeira vez, se articulan nun itinerario integral de apoio, con instrumentos complementarios adaptados aos distintos graos de madurez do traballo investigador. O obxectivo deste paquete de instrumentos é incrementar o volume e a calidade da transferencia de resultados de investigación ao tecido produtivo galego.

As medidas agrúpanse en dous niveis complementarios. Por unha parte traballarase na transferencia desde os centros de coñecemento, con medidas que identifican, validan e preparan os resultados de investigación para o mercado e que crean pontes estables co tecido produtivo, como son as unidades mixtas de transferencia, os doutoramentos industriais, os Primeiros Pasos cara a Transferencia, Ignicia Proba de Concepto 2027 ou Impulso Venture Builder.

Por outra parte, este paquete de medidas pon tamén o foco na transferencia cara á empresa: iniciativas que permiten ás empresas absorber, desenvolver e escalar tecnoloxía en Galicia e en Europa, como serán as novas convocatorias para o desenvolvemento de proxectos en biotecnoloxía, e deep tech (IA e cuántica), e as liñas de axuda Vinnovate 2027 e Neotec 2027.

Trátase dun conxunto de actuacións coherentes e complementarias que acompañan os resultados de investigación ao longo do seu camiño cara ao mercado, desde os máis incipientes ata os que están máis preto da súa explotación. Parte das actuacións están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e implican un desenvolvemento orzamentario plurianual.

Cinco instrumentos de nova creación

Cinco das nove medidas son instrumentos de nova creación. As unidades mixtas de transferencia teñen como obxectivo crear estruturas de colaboración estables entre universidades e centros tecnolóxicos para que o coñecemento xerado na universidade avance cara niveis de madurez máis altos e chegue ao tecido empresarial.

Os Primeiros Pasos cara a Transferencia é outra das novidades, cubrindo o tramo máis temperán, anterior incluso á proba de concepto. Con este instrumento, segundo indicou Rueda, trátase de identificar a tempo os resultados de investigación con potencial de mercado, para que non se perdan nesta fase inicial e maduralos ata que poidan optar a instrumentos de valorización como o programa Ignicia Proba de Concepto, que sería o seguinte paso.

Outra das novidades é o programa Impulso Venture Builder, dirixido aos centros de coñecemento galegos, para fomentar a creación de empresas a partir dos resultados da súa investigación mediante a aplicación do modelo *venture building*. Este enfoque permitirá a identificación de tecnoloxías con potencial de mercado e o acompañamento experto durante o proceso de creación e consolidación de novas iniciativas empresariais. Con este instrumento búscase tamén reducir a incerteza asociada á explotación comercial destas tecnoloxías e facilitar a captación de investimento privado para a súa chegada ao mercado.

Ademais, tal e como resaltou o titular do Executivo galego, haberá dúas novas liñas de axudas específicas para desenvolver solucións innovadoras en "tres sectores estratéxicos": a biotecnoloxía e o deep tech (intelixencia artificial e cuántica), ámbitos nos que Galicia ocupa un lugar destacado, cun ecosistema estable na comunidade autónoma e proxectos punteiros en Europa. Os beneficiarios serán empresas e organismos de investigación que deberán agruparse para desenvolver solucións innovadoras.

Consolidación de Ignicia ou doutoramentos industriais
As outras catro medidas de Galicia Transfire son a continuación de instrumentos que xa se aplican na comunidade, con resultados probados. Un deles é Ignicia Proba de Concepto. Esta iniciativa apoia proxectos de transferencia de tecnoloxía con resultados xa obtidos que precisan validarse en condicións reais. O obxectivo é a chegada ao mercado destes resultados, principalmente, mediante a creación dunha spin-off do centro de coñecemento ou a licenza de tecnoloxía a unha empresa.

Por outra parte, o programa de doutoramentos industriais chegará o ano que vén á súa sétima edición e seguirá incorporando novos doutorandos e doutorandas a empresas e centros tecnolóxicos onde realizarán teses vinculadas a proxectos de I+D+i en sectores estratéxicos para Galicia. Este programa ten tres obxectivos: captar mozos e mozas investigadores para proxectos en sectores estratéxicos de Galicia, formalos nunha contorna empresarial e facilitar que se incorporen despois a esas entidades como persoal doutor.

Outras dúas medidas xa implantadas en Galicia e que continuarán en 2027 son as convocatorias Vinnovate e Neotec. A Axencia Galega de Innovación financiará a participación galega na cuarta convocatoria do mecanismo europeo Vinnovate, para consolidar a presenza das empresas e centros galegos en proxectos interrexionais próximos ao mercado.

No caso de Neotec 2027, unha nova edición do programa de recuperación da excelencia rescatará os proxectos de empresas de base tecnolóxica galegas que obteñan o selo Neotec na convocatoria estatal e que queden sen financiamento por falta de crédito. Con esta liña de axudas consolídanse novas empresas cuxa estratexia de negocio se basea no desenvolvemento de tecnoloxía propia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 5,3 M€ A EXPLOTACIÓN DAS DEPURADORAS DE TRAGOVE, A ILLA DE AROUSA, MEAÑO E RIBADUMIA QUE DAN SERVIZO A MÁIS DE 125.000 HABITANTES

- O Consello autorizou o contrato para prestar o servizo de explotación, mantemento e conservación das depuradoras que tratan as augas residuais dos concellos de Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo e Meis
- Esta actuación, ademais de dar continuidade a un servizo público esencial, contribúe á protección da calidade das augas da ría de Arousa e das actividades marisqueiras, pesqueiras e turísticas que se desenvolven nela
- Este modelo de prestación de servizos autonómicos contribúe tamén a profesionalizar a xestión da auga, a garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos básicos para a cidadanía

A Xunta de Galicia licitará por 5,3 millóns de euros a explotación das estacións depuradoras de augas residuais de Tragove (Cambados), A Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia, que dan servizo a oito concellos das comarcas do Salnés e Arousa e a unha poboación de máis de 125.000 habitantes.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato para prestar o servizo de explotación, mantemento e conservación desas catro depuradoras e dos seus bombeos de cabeceira, un labor imprescindible cando se fala de infraestruturas desta envergadura e que teñen detrás investimentos importantes.

Así, este contrato garantirá o correcto tratamento das augas residuais dos concellos de Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo e Meis, asegurando que as instalacións -incluídas as melloras da depuradora de Tragove executadas nestes últimos anos- funcionen en condicións óptimas e cumpran cos requisitos de depuración para os que foron deseñadas, o que contribúe tamén a alongar a súa vida útil.

Esta actuación, ademais de dar continuidade a un servizo público esencial, contribúe á protección da calidade das augas da ría de Arousa e das actividades marisqueiras, pesqueiras e turísticas que se desenvolven nela.

En concreto, o orzamento de licitación é de 5,3 millóns de euros para un prazo de 24 meses, prorrogable ata 36 meses máis, sendo o valor estimado do contrato -incluídas as prórrogas- de 11,4 millóns de euros. A previsión é que o contrato poida facerse efectivo no primeiro semestre de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este modelo de prestación de servizos autonómicos contribúe tamén a profesionalizar a xestión da auga, a garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos básicos para a cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE ORDES INVESTIRÁN 1,87 M€ NA MELLORA DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE BUSCÁS PARA AUMENTAR NUN 34 % A SÚA CAPACIDADE

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio para acometer esta actuación que permitirá beneficiar a máis de 14.300 habitantes no horizonte 2045
- A través desta acción aumentarase a resiliencia do sistema de abastecemento fronte aos efectos do cambio climático, como poden ser os episodios de seca ou escaseza
- Para a execución deste proxecto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, achegará o 80 % do investimento necesario e o Concello achegará o 20 % restante
- Os traballos permitirán mellorar o control da calidade da auga grazas á automatización e á monitorización en continuo e reducir o consumo de recursos hídricos na propia ETAP mediante a recuperación das augas e lavado de filtros

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Ordes para levar a cabo a mellora da estación de tratamento de auga potable (ETAP), localizada en Buscás, cun investimento de 1,87 millóns de euros.

Con esta actuación aumentarase a resiliencia do sistema de abastecemento fronte aos efectos do cambio climático, como poden ser os episodios de seca ou escaseza. Ademais, resolverase a situación dunha infraestrutura obsoleta que funciona cunha soa liña de tratamento e que actualmente non ten marxe de reserva ante posibles avarías ou incrementos da demanda.

Nese senso, o obxectivo desta actuación é incrementar a capacidade de tratamento da planta nun 34 %, pasando dos 134 m^3/h actuais a 180 m^3/h. A estimación é que poida beneficiar a máis de 14.300 habitantes no horizonte 2045.

En concreto, as accións previstas permitirán mellorar o control da calidade da auga grazas á automatización e á monitorización en continuo de pH, turbidez e cloro. Así mesmo, reducirase o consumo de recursos hídricos na propia planta mediante a recuperación das augas e lavado de filtros.

Máis polo miúdo, algunhas das actuacións que se realizarán serán a substitución do bombeo de captación por tres bombas somerxibles; a construción dunha nova ETAP en módulos compactos de aceiro inoxidable con dúas liñas paralelas de 90 m^3/h; a execución dun novo depósito de auga tratada -co seu correspondente bombeo- de formigón armado de 100 m^3 que se soterrará baixo a nova potabilizadora, e a reconversión do decantador actual en espesador de lodos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para a execución deste proxecto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, achegará o 80 % do investimento necesario (1,5 millóns de euros) e o Concello achegará o 20 % restante (375.000 euros). Ademais, a actuación será cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.

O convenio, que se asinará proximamente, establece que Augas de Galicia se encargará da contratación e execución das obras que, unha vez rematadas, se incorporarán ao patrimonio municipal. Pola súa banda, o Concello de Ordes asumirá a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN PARA A DELIMITACIÓN E DECLARACIÓN DE INTERESE AUTONÓMICO DA ACTUACIÓN QUE PERMITIRÁ DESENVOLVER SOLO PARA 350 VIVENDAS EN SANXENXO

— O ámbito localízase en Vilalonga e ten unha superficie de 8,6 hectáreas
— A meirande parte das 350 vivendas que se poderán construír no ámbito serán protexidas

O Consello da Xunta deu conta hoxe do acordo para o inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a 350 vivendas no concello de Sanxenxo, a meirande parte protexidas.

En concreto, desenvolverase o ámbito previsto no planeamento do Concello de Sanxenxo como Solo Urbanizable Delimitado (SU-27 Altamira), na parroquia de Vilalonga, cunha superficie total de 86.000 m2. Este solo considerouse o máis adecuado urbanisticamente e foi elixido de forma coordinada co Concello de Sanxenxo, a partir do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, tras unha análise técnica da súa viabilidade.

O solo limita ao norte coa estrada autonómica PO-550, mentres que polo sur linda cos terreos do lugar de Pedreiras, ao leste con vivendas do núcleo de Altamira e un camiño e polo oeste, cunha nave e terreos do lugar de Xuncablanca.

O desenvolvemento deste proxecto parte dunha liña de colaboración entre a Xunta e o Concello de Sanxenxo, xa que a adquisición do solo por parte do Concello á Sareb, cun custo de 3,5M€, contou co financiamento do Fondo de Cooperación da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REHABILITARÁ A CASA DOS MESTRES DE VIVEIRO PARA OBTER OITO VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- O Consello da Xunta autoriza a licitación da redacción do proxecto e a dirección de obra por importe de 146.238,12 euros
- Prevese acadar oito vivendas de promoción pública e un local para uso municipal
- O inmoble da Casa dos Mestres foi cedido á Xunta polo Concello

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de redacción do proxecto e dirección de obra para a rehabilitación da Casa dos Mestres, no concello de Viveiro, co obxectivo de acadar oito vivendas de promoción pública e un local para uso municipal. O importe de licitación deste contrato é de 146.238 euros, mentres que o investimento estimado para a execución das futuras obras do inmoble prevese en 2,2 M€.

O citado inmoble denominado Casa dos Mestres está emprazado na confluencia das rúas Irmáns Vilar Ponte, 40, e Constanza de Castro, 32, en Viveiro, e foi cedido polo Concello á Xunta para a súa rehabilitación con destino a fogares de promoción pública.

As futuras oito vivendas serán cualificadas como de promoción pública con protección permanente. Tamén se obterá un local de uso municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA QUE AS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL SE CONVOQUEN POR ANTICIPADO DE GASTO

As bases da convocatoria destas achegas, ás que se destinarán 5M€, publicaranse antes de que finalice o ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo para que as axudas para particulares destinadas á rehabilitación de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes se convoquen por anticipado de gasto. As bases da convocatoria destas achegas, ás que se destinarán unha dotación orzamentaria de 5M€, publicaranse antes de finais deste 2026.

Estas axudas están dirixidas á rehabilitación, remate e/ou ampliación das vivendas, e tamén ao cambio de uso de locais e entreplantas para destinalos á residencia habitual e permanente por parte das persoas propietarias ou para ofrecelas en alugueiro accesible.

As axudas cubrirán o 75 % do orzamento das obras, ata un máximo de 30.000 euros por vivenda.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dos inmobles e que acrediten ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM. No suposto de que as vivendas se vaian a destinar ao alugueiro, non será de aplicación o citado límite de ingresos.

En canto ás actuacións de rehabilitación, serán subvencionables as intervencións de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sostibilidade e eficiencia enerxética das vivendas. Tamén se financiarán actuacións para a medición e a execución de obras que eviten a entrada do gas radon ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

As vivendas obxecto das actuacións deberán dedicarse a residencia habitual e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuarias ou a alugueiro durante un prazo, como mínimo, de cinco anos.

Estas axudas serán compatibles coas achegas para facer fronte ao custo da contratación dos seguros de impagamento de rendas e/ou seguros multirrisco de fogar do programa Fogar Vivo, e coas axudas do programa de adquisición de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN CONTRATO DE 4,48 M€ PARA REALIZAR 570.000 PROBAS DE DETECCIÓN DO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO DE ALTO RISCO

- O contrato abrangue a subministración de reactivos e material funxible e a posta á disposición dos equipos necesarios para realizar as probas entre 2027 e 2031
- As análises permitirán detectar xenotipos oncoxénicos do virus do papiloma humano (VPH) a partir de mostras de citoloxía líquida e recollidas mediante dispositivos de autotoma
- O Programa galego de detección precoz do cancro de cérvix invita a participar de forma voluntaria e gratuíta as mulleres de entre 25 e 65 anos
- A detección do VPH de alto risco permite identificar as mulleres con maior risco de desenvolver lesións premalignas e cancro de colo de útero, favorecendo o diagnóstico precoz e a prevención

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación, por un importe de 4.483.050 euros, dos reactivos, o material funxible e os equipos necesarios para realizar 570.000 probas de detección molecular do virus do papiloma humano de alto risco (VPH-AR) entre os anos 2027 e 2031.

O subministro permitirá dar cobertura ás necesidades do Programa galego de detección precoz do cancro de cérvix, mediante análises destinadas a identificar os xenotipos do virus con capacidade para provocar lesións premalignas e cancro.

O contrato, que terá unha duración de catro anos, comprende tanto os reactivos e materiais necesarios para realizar as probas de detección molecular de xenotipos de alto risco (oncoxénitos) como a posta á disposición dos equipamentos que permiten procesar as mostras.

As probas realizaranse a partir de dous tipos de mostras: as obtidas mediante citoloxía líquida e as recollidas polas propias participantes a través dun dispositivo de autotoma. Este segundo método facilita a participación no programa ao permitir que as mulleres recollan a mostra sen necesidade de que a toma sexa realizada directamente por un profesional sanitario.

As determinacións están dirixidas á detección molecular dos xenotipos de alto risco ou oncoxénicos do VPH. A identificación destas variantes permite coñecer se existe unha infección asociada a un maior risco de desenvolver lesións precursoras do cancro de colo de útero e determinar, cando corresponda, a necesidade de probas complementarias.

A prevención a través do cribado do cancro de cérvix

O Programa galego de detección precoz do cancro de cérvix é unha iniciativa pública, voluntaria e gratuíta dirixida a mulleres de entre 25 e 65 anos. Iniciou como un proxecto

piloto na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos a finais de 2020, estendéndose progresivamente ata acadar a implantación en toda Galicia en decembro de 2023.

Este cribado poboacional centra a súa atención na prevención do cancro de cérvix e das lesións precursoras do mesmo a través da detección da infección producida polo virus do papiloma humano, orixe da gran maioría dos casos deste cancro. Aínda que existen máis de 200 variantes do virus, son unhas poucas de alto risco as que poden causar a neoplasia.

A detección precoz permite identificar e tratar lesións premalignas antes de que evolucionen a cancro, aumentando de xeito significativo a probabilidade de curación. Para iso, a proba de detección do VPH de alto risco presenta unha maior sensibilidade que a citoloxía para identificar estas lesións e un maior valor preditivo negativo, de maneira que as mulleres cun resultado negativo presentan un risco moi baixo de desenvolver cancro, o que permite ampliar o intervalo entre cribados.

Esta ferramenta de prevención complétase coa vacinación fronte ao VPH, que Galicia ofrece desde 2008 como medida de prevención primaria. O obxectivo conxunto destas actuacións é reducir a incidencia e a mortalidade asociadas ao cancro de colo de útero e mellorar a saúde das mulleres galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO TEATRO FRAGA POR UN IMPORTE DE PRETO DE 20 M€

— O Consello dá luz verde ao inicio do trámite administrativo para contratar estes traballos que permitirán rematar a actuación iniciada polo arquitecto César Portela, ao que se lle adxudicou a redacción do proxecto e a dirección das novas actuacións
— Rueda salienta que o obxectivo é convertelo "nun referente de innovación cultural en todo o noroeste peninsular"
— Do total do importe, o 51% é achegado polo Goberno galego, mentres que o 49% restante, pola Deputación
— A previsión é que as obras se adxudiquen no segundo trimestre do ano, cun prazo de execución aproximado de 22 meses

O presidente da Xunta, Afonso Rueda, informou de que o Consello autorizou hoxe "a licitación das obras para restauración do Teatro Cine Fraga, en Vigo, por un importe de 19,6 M€". Deste xeito, iniciaranse os trámites administrativos para contratar estes traballos que permitirán rematar a actuación iniciada polo arquitecto César Portela, a cuxo estudio se lle adxudicou a redacción do proxecto e a dirección das novas actuacións.

Tal e como figura no acordo de contratación avaliado hoxe no Consello, a obra contará cun financiamento plurianual que chegará ata o ano 2029 por parte do Goberno galego e da Deputación de Pontevedra, propietarias ambas as dúas administracións do inmoble, tras ser adquirido no ano 2024 por un importe de 9,3M€. Así, tal e como explicou o presidente, do investimento total para a actuación, "o Goberno galego achegará o 51%, e a Deputación de Pontevedra, o 49%".

Tras isto, a previsión é que o proceso administrativo remate no segundo trimestre de 2027 e que as obras se poñan en marcha xusto a continuación, cun prazo aproximado de 22 meses. O obxectivo da intervención é darlle continuidade ás xa executadas no proxecto orixinal polo equipo técnico do arquitecto César Portela, autor e propietario intelectual das mesmas, e a quen, consecuentemente, se lle adxudicou por contrato de exclusividade a redacción do proxecto básico e de execución, así como a dirección das novas actuacións.

Rueda saliento que o obxectivo é converter o Teatro Cine Fraga, un edificio con máis de 80 anos de historia, "nun referente de innovación cultural non só de Vigo senón de todo o noroeste peninsular; nun polo cultural de moita envergadura".

Plan de usos redactado

A rehabilitación respectará a intervención xa realizada segundo o proxecto orixinal para converter este edificio emblemático, de 7.000 metros cadrados, no epicentro da innovación cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Cómpre lembrar que o Teatro Cine Fraga conta xa cunhas liñas estratéxicas definidas e un plan de usos

perfilado con achegas feitas pola cidadanía a través da campaña, presencial e virtual, *O mellor espazo busca o mellor contido*.

Precisamente, estes contactos evidenciaron que a recuperación deste edificio, incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, era unha demanda da cidadanía de Vigo, que trasladou a necesidade de contar cun espazo para unha programación cultural de primeira magnitude, non só para a cidade, senón para toda a Comunidade e o norte de Portugal e da Península.

Consecuentemente, as obras de restauración do Teatro Cine Fraga irán encamiñadas en transformalo nun espazo arquitectónico flexible e polivalente que favoreza a produción e experimentación cultural, a través de obradoiros e laboratorios de ideas vencelladas ás artes musicais, audiovisuais, e literarias, propiciando sinerxías e colaboracións entre artistas do territorio galego, do resto de España e de Portugal.

Cómpre salientar o interese da cidadanía por este inmoble viuse reflectido tanto na alta participación do proceso participativo como nas 200 visitas comentadas abertas ao público, que se realizaron dúas veces por semana desde mediados de outubro de 2025 ata xuño deste mesmo ano e ás que asistiron 3.000 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DO MUSEO DE FERROL E A SÚA INTEGRACIÓN NO SISTEMA GALEGO DE MUSEOS

- O Consello dá luz verde á apertura deste novo equipamento concibido como un espazo de transmisión de coñecemento da realidade histórica da cidade a través das súas representacións artísticas
- O proxecto está situado no antigo Centro Torrente Ballester, que está sendo restaurado a través dun investimento conxunto co Concello de Ferrol de 512.000€
- A súa incorporación no sistema galego, eleva a 102 os espazos que forman parte do Sistema galego de centros museísticos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á creación do Museo de Ferrol, xestionado polo Concello no Centro Torrente Ballester e que pasará así a integrarse no Sistema Galego de Centros Museísticos. Trátase dun espazo que inclúe máis de 1.000 pezas de pintura, gravado e debuxos e co que se pretende dar a coñecer a realidade histórica da cidade a través das súas representacións artísticas despois das obras de renovación, restauración e modernización impulsadas xunto co Concello de Ferrol cun investimento conxunto de 512.000€ e que está previsto que rematen o vindeiro mes de decembro.

Para esta creación e incorporación, o Goberno galego valorou a importancia deste equipamento, concibido para contribuír ao fortalecemento da identidade cultural da localidade e que parte dunha narrativa orixinal pola forte vinculación da urbe co mar e a paisaxe, a industria naval, a herdanza militar e a arte, vinculación que caracteriza en moitos casos a inspiración das pezas. Así, búscase poñer en valor o patrimonio pictórico de Ferrol dos séculos XIX e XX, conectando a arte e artistas locais cos movementos globais, coma o romanticismo, o realismo ou as vangardas, e mostrando como se adaptaron ás características da cidade.

O Museo de Ferrol ocupará o que ata agora foi o Centro Cultural Torrente Ballester, situado no antigo Hospital da Caridade, e que acolle catro salas de exposición permanente e tres salas de exposición temporal. Trátase dun centro que comezou a acondicionarse o pasado ano co fin de poñer en marcha un recurso referente na comarca. En concreto, a través dunha colaboración de 250.000€ por parte da Xunta, estase levando a cabo a reparación da cuberta coa reposición de tellas, a recolocación de pezas soltas e a revisión de encontros. Ademais, antes de que remate o ano completarase a substitución da cuberta do patio cunha cubrición acristalada e o pintado das fachadas e a urbanización no lateral noroeste.

En canto á colección actual, cómpre destacar que está composta por máis de 1.000 obras de pintura, gravado e debuxo que inclúe autores ferroláns tan sinalados como Jenaro Pérez Villaamil, Felipe Bello Piñeiro, González Collado ou Tomás Barros. No relativo a oferta cultural, está previsto que se complemente con distintos tipos de actividades como visitas guiadas, combinadas, ciclos de conferencias e obradoiros

infantís, así como coa creación dun espazo para artistas e creadores, funcionando como un ágora de conexión para artistas plásticos, escritores e músicos locais.

Tendo en conta a inclusión cultural, ademais de contemplar a accesibilidade física coa implementación de medidas concretas e o traballo con colectivos vulnerables e persoas en risco de exclusión social, incorpóranse tamén experiencias multisensoriais e roteiros axustables con persoal capacitado para asistencia directa e visitas guiadas especializadas, en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Deste xeito, tal e como recolle o informe, a creación dun museo permanente representa un fito fundamental para a revitalización cultural e identitaria da cidade. Ao centralizar e dignificar este patrimonio pictórico, Ferrol non só salda unha débeda histórica cos seus creadores locais, senón que diversifica a súa oferta turística e cultural, tradicionalmente ligada ao seu impoñente pasado naval e militar, consolidándose como un foco de atracción artística contemporánea e un motivo de cohesión para toda a cidadanía.

A inclusión do Museo de Ferrol suporá contar en Galicia cunha rede de 102 espazos recoñecidos, entre os que se atopan seis centros de interpretación do patrimonio cultural, 24 coleccións rexistradas —aquelas que compren con criterios museográficos sen chegar reunir os requisitos propios para funcionar como un museo— e 71 museos, completando deste xeito as tres categorías contempladas pola Lei de Museos 7/2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UNHA ADDENDA AO CONVENIO CO IIM-CSIC PARA O ESTUDO MARISLAB, QUE PERMITA MELLORAR OS BANCOS MARISQUEIROS DA RÍA DE PONTEVEDRA

- A modificación incrementa en 80.100 € o orzamento previsto para 2027, ata situar a dotación total do proxecto en 279.800 €
- Os traballos incorporan novas actuacións de seguimento no banco dos Praceres e análises exploratorias relacionadas coa mortalidade de bivalvos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para o desenvolvemento do proxecto Marislab. A modificación incrementa en 80.100 euros a dotación da anualidade de 2027, de xeito que o orzamento total do convenio pasa dos 199.700 euros inicialmente previstos a 279.800 euros.

O convenio orixinal, asinado o 27 de marzo de 2025, ten por obxecto estudar as condicións sedimentarias óptimas para mellorar o coñecemento sobre a produtividade de bivalvos nos bancos marisqueiros de Lourido e Praceres, na ría de Pontevedra. O traballo céntrase no berberecho e nas ameixas fina e xapónica, e analiza a relación entre as condicións hidrodinámicas, xeomorfolóxicas, texturais e bioxeoquímicas dos sedimentos e a presenza destas especies.

A addenda responde á identificación de novas necesidades de investigación ligadas á evolución recente do banco marisqueiro de Praceres e á aparición de episodios de mortalidade de bivalvos en diferentes sectores da ría. Por este motivo, prevese intensificar o seguimento topográfico e hidrodinámico dese banco, incorporar instrumentación adicional e realizar unha aproximación exploratoria á resposta biolóxica dos moluscos mediante análises do seu microbioma.

Estas actuacións complementan os traballos xa previstos para caracterizar a dinámica dos bancos, determinar a proporción entre area e lodo máis favorable para as especies estudadas e identificar os factores físicos e bioxeoquímicos relacionados coa súa distribución e abundancia. O proxecto tamén recolle a transferencia dos resultados ao sector marisqueiro a través de actividades de intercambio de coñecemento coas confrarías.

Financiamento e prazo de execución
A modificación afecta a terceira anualidade do convenio, correspondente a 2027, cuxa dotación pasa de 25.235 a 105.335 euros. As contías de 2025 e 2026 mantéñense en 82.390 e 92.075 euros, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto continúa previsto para o período 2025-2027, cofinanciado nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e desenvolvido no marco da rede de colaboración entre o sector pesqueiro e organismos científicos de Galicia, *Redemar*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 40 M€ PARA IMPULSAR 24 PROXECTOS INDUSTRIAIS E EMPRESARIAS NUNHA VINTENA DE CONCELLOS CORUÑESES NO MARCO DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA

- Permitirán mobilizar máis de 126 millóns de euros en investimentos para implantar novas iniciativas e modernizar actividades xa existentes en eidos tan diversos como a economía circular, a siderurxia, a defensa, a industria agroalimentaria ou a transformación industrial, entre outros
- As actuacións seleccionadas prevén a creación de 223 novos postos de traballo, contribuíndo á reindustrialización, á diversificación da actividade económica e á xeración de novas oportunidades laborais nunha vintena de concellos da provincia
- A liña de descarbonización e renovación industrial, prevé 20,58 millóns de euros en axudas propostas para catro grandes proxectos industriais, que mobilizarán preto de 98 millóns de euros
- O programa de préstamos parcialmente reembolsables prevé 18,41 millóns de euros en financiamento proposto, que permitirán impulsar investimentos empresariais por valor de 28,22 millóns de euros, favorecendo a modernización, o crecemento e a diversificación das pemes
- Entre os proxectos aprobados figuran desde a construción dunha nova planta de cacao en Fene, a fabricación de vivendas modulares eficientes en Curtis ou a fabricación de plásticos e transformación de redes en Boiro, entre outros

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as dúas liñas de apoio impulsadas pola Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, no marco do Fondo de Transición Xusta (FTX), que permitirán impulsar 24 proxectos industriais e empresariais na provincia da Coruña con 40 millóns de euros. Concretamente, as iniciativas seleccionadas contarán cun financiamento público de 38,99 millóns de euros, que permitirán mobilizar un investimento previsto de 126,23 millóns de euros e crear 223 novos postos de traballo.

As dúas liñas de axudas convocadas polo Goberno galego no marco do Fondo de Transición Xusta, unha dirixida á decarbonización e renovación industrial e a outra destinada á concesión de préstamos parcialmente rembolsables, teñen como obxectivo favorecer a reindustrialización, diversificar a actividade económica e xerar novas oportunidades nos territorios afectados polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama. Máis dunha vintena de concellos destas áreas se verán beneficiados cunhas axudas que permitirán implantar novas iniciativas e modernizar actividades xa en marcha en eidos tan dispares como a industria agroalimentaria, a defensa, a economía circular oi o sector siderúrxico, entre outros.

Deste xeito, a Xunta, a través do Igape, combina o apoio a grandes proxectos industriais con capacidade tractora e o financiamento das pemes, aproveitando os recursos europeos do Fondo de Transición Xusta para impulsar a modernización empresarial, reforzar a actividade económica e favorecer un desenvolvemento industrial máis competitivo e sustentable na provincia da Coruña.

Apoio a grandes proxectos

Na liña destinada á descarbonización e renovación industrial, catro proxectos contan con proposta favorable, cun investimento de 98,01 millóns de euros e axudas propostas por 20,58 millóns de euros. Estas actuacións, que prevén a creación de 140 novos empregos, están vinculadas á modernización siderúrxica na Laracha, á economía circular e á reciclaxe na contorna de Meirama e á implantación de nova actividade industrial relacionada coa defensa nas Pontes.

Trátase de investimentos que permitirán ampliar as capacidades industriais, incorporar novas tecnoloxías e desenvolver actividades de maior valor engadido, contribuíndo á transformación do tecido produtivo e á xeración de novas oportunidades económicas nos territorios de transición xusta.

Financiamento para o crecemento das pemes

De xeito complementario, a liña de préstamos parcialmente reembolsables conta con 20 operacións, cun financiamento de 18,41 millóns de euros que permitirá mobilizar 28,22 millóns de euros en investimentos e crear 83 novos postos de traballo en 20 municipios da provincia da Coruña. Este instrumento combina préstamo e subvención nunha mesma operación e permite apoiar a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade produtiva, a diversificación da actividade e a modernización dos procesos empresariais.

Un dos aspectos máis destacados desta liña é o seu alcance territorial, xa que 15 dos 20 concellos beneficiados teñen menos de 15.000 habitantes e concentran o 80,8 % do financiamento proposto, con 14,88 millóns de euros. Entre os concellos con maior volume de financiamento destacan A Laracha, Fene, Boiro e Tordoia, poñendo de manifesto a capacidade destes apoios para achegar oportunidades de investimento e emprego a diferentes puntos da provincia.

Con respecto aos ámbitos de actividade que se verán beneficiados con esta liña de apoios, destacan a industria manufactureira e transformación industrial, o sector agroalimentario, a construción ou o turismo, a hostalería e o aloxamento, entre outros, con proxectos tan diversos como a construción dunha nova planta de cacao en Fene, a fabricación de vivendas modulares eficientes en Curtis ou a fabricación de plásticos e transformación de redes en Boiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ A SEGURIDADE VIARIA DA OU-194 EN PONTEDEVA CUNHA NOVA GLORIETA EN TRADO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 400.000 €

- O Consello da Xunta deu conta da aprobación provisional do proxecto construtivo e do trámite da próxima información pública
- A actuación consistirá na execución dunha glorieta de 28 metros de diámetro exterior que permitirá resolver os accesos ao polígono de Trado, a Pontedeva e a Valongo
- A intervención permitirá mellorar a seguridade viaria desta intersección da estrada autonómica con tres viarios municipais e incluirá tamén a mellora do sistema de drenaxe

O Consello da Xunta deu conta hoxe da aprobación provisional do proxecto construtivo e do trámite da próxima información pública da actuación de mellora da seguridade viaria na estrada OU-194 no concello de Pontedeva, que consistirá na execución dunha nova glorieta en Trado, cun investimento previsto de máis de 400.000 € (402.269 €).

En concreto, a intervención busca mellorar a intersección no punto quilométrico 0+890 da OU-194, na que conflúe con tres viarios municipais, e no que na actualidade existe unha miniglorieta. Así, o proxecto prevé a execución dunha nova rotonda de 28 metros de diámetro exterior e 8 de diámetro interior para incrementar a seguridade viaria.

O deseño desta glorieta permitirá mellorar os accesos dos vehículos ao polígono de Trado, así como a Pontedeva e a Valongo.

Ademais, o proxecto tamén inclúe a mellora do sistema de drenaxe, mediante a renovación das canalizacións.

Tras esta aprobación en Consello de Xunta, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá proximamente o proxecto a información pública por un prazo de 30 días hábiles .


A actuación afectará un total de 28 parcelas (22 de titularidade pública e 6 correspondentes a dominios públicos).

O prazo de execución das obras é de 12 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Intersección actual situada no P.Q. 0+890 da estrada OU-194



Deseño da nova glorieta

Durante a futura execución das obras, prevese habilitar un desvío provisional para afastar o tráfico da zona de traballo, especialmente durante a construción da nova obra de drenaxe, e garantir o correcto funcionamento do nó viario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 1,2 M€ NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL DA ESTRADA OU-504 NO NÚCLEO DE REGODEIGÓN, EN RIBADAVIA

- O Consello informou da aprobación definitiva do proxecto construtivo e a próxima licitación deste proxecto que se financiará integramente con fondos autonómicos
- Renovaranse beirarrúas en ambas as dúas marxes da estrada OU-504 nun treito duns 600 metros para mellorar a mobilidade peonil
- Do mesmo xeito rehabilitarase o firme entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+107
- Para reforzar a seguridade cidadá, executaranse tres pasos sobre a estrada e se limitará a velocidade dos vehículos a 40 km/h

O Consello da Xunta deu conta do informe da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sobre a aprobación definitiva do proxecto construtivo da renovación de beirarrúas e servizos urbanos no núcleo de Regodeigón (Ribadavia) e da próxima licitación desta obra, na que a Administración autonómica investirá un total de 1,2 M€ de fondos propios.

O Goberno galego actuará na estrada OU-504 ao seu paso polo núcleo de San Cristovo de Regodeigón. A actuación principal consiste na renovación das beirarrúas en ambas as dúas marxes da estrada entre os puntos quilométricos 0+550 e 1+107.

Levarase a cabo, ademais, a rehabilitación completa do firme da plataforma da estrada entre os PP.QQ. 0+000 e 1+107 e se renovarán ou reporán as redes de servizos de saneamento, abastecemento, alumeado público, electricidade e telecomunicacións.

Con esta actuación, a Xunta permitirá mellorar a mobilidade peonil, a seguridade viaria e os servizos urbanos.

Os traballos inclúen a renovación e ampliación de máis de 2.100 m² de beirarrúas, adaptándoas ás normas de accesibilidade, así como a reposición superficial de mais de 10.800 m2 de firme e a rehabilitación estrutural de 631 m2 desta estrada de titularidade autonómica.

Para reforzar a seguridade dos peóns, executaranse tres pasos sobreelevados, limitarase a velocidade a 40 km/h e renovarase a sinalización.


O proxecto tamén contempla a renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais, incluíndo máis de 1.100 metros de conducións de auga, e o soterramento das redes eléctricas e de telecomunicacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención completarase coa mellora do alumeado público, a renovación de varandas, a instalación dunha nova marquesiña de autobús e a colocación de mobiliario urbano nesta área.

A previsión da Xunta é licitar estas obras antes de que remate o ano e inicialas en 2027, cun prazo previsto de execución de dez meses.

Plano do ámbito de actuación en Ribadavia



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA ACTUACIÓN DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AC-421 AO PASO POR AGUALADA, NO CONCELLO DE CORISTANCO

— Investiranse máis de 876.000 euros na humanización do treito inicial desta vía autonómica e na construción dunha senda peonil
— A actuación inclúe renovación da iluminación, de beirarrúas e do firme

O Consello da Xunta deu conta dun informe da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sobre a aprobación definitiva do proxecto construtivo e a próxima licitación das obras de acondicionamento da estrada AC-421 na Agualada, no concello de Coristanco. O investimento final nesta actuación superará os 876.000 euros, ten un prazo de execución de 12 meses e o obxectivo que se persegue coa mesma é fomentar a mobilidade sostible e segura.

A actuación consistirá na humanización do treito inicial desta vía autonómica ao seu paso polo municipio coruñés, incluíndo a renovación da iluminación. Ademais, executaranse de forma separada as redes de pluviais e de fecais eliminando a vertedura no río Calvar. Neste tramo urbano reducirase o ancho dos carrís ata os 3 metros para ampliar así o ancho dos itinerarios peonís e reorganizaranse os aparcamentos pola marxe esquerda.

Fóra do núcleo e ante a ausencia de beiravías proxéctase a construción dunha senda peonil pola marxe dereita da estrada de máis de 600 metros de lonxitude, que disporá de balizas reflectoras para delimitar a calzada e a senda, e coa que se conectarán de maneira segura as vivendas dispersas existentes ao longo da vía co núcleo urbano da Agualada.


Tanto as beirarrúas do tramo de travesía como a senda delimitaranse respecto a calzada mediante bordo de formigón prefabricado e elevado 10 centímetros sobre a rasante da mesma excepto na travesía, que será de 5 centímetros para evitar ter que dispor rebaixas nos bordos moi seguidos que poidan dificultar a mobilidade peonil e ciclista.

Así mesmo, habilitarase unha pasarela de madeira de 15 metros de longo sobre o río Calvar.

Executarase ademais a rehabilitación do firme entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+983 (ligazón coa AG-55), incluíndo a execución dunha cuneta de seguridade pola marxe esquerda entre os p.q.+750 e 0+983.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planos da zona de actuación no concello de Coristanco:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA ESTE MESMO MES UNIDADES ESPECIALIZADAS EN PATOLOXÍAS MUSCULO-ESQUELÉTICAS E DE PSIQUIATRÍA MENOR EN CADA ÁREA SANITARIA

- O Consello analizou hoxe un informe sobre o despregamento das medidas do plan integral de benestar laboral aprobado no marco do Diálogo Social, con medidas coma esta, co fin de actuar sobre as patoloxías que máis baixas laborais provocan
- Rueda salienta que estes dous grupos de enfermidades "representan o 60% das baixas laborais" na comunidade
- No inicio do próximo ano está prevista a convocatoria de axudas para a substitución de persoas traballadoras autónomas durante baixas laborais de longa duración co propósito de facilitar a continuidade da actividade dos seus negocios
- A Xunta traballa tamén no deseño da Fiestra Única Galega de Saúde Laboral e Apoio á Reincorporación Saudable, para canalizar toda a información relativa ao plan e atender consultas e dúbidas tanto de empresas como de persoas traballadoras

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Goberno autonómico avanza na execución do *Plan Integral para a mellora da prevención, o benestar laboral e a reincorporación saudable ao traballo en Galicia 2026-2029* coa posta en marcha, este mes de novembro, "dunha unidade de patoloxías músculo-esqueléticas e outra de psiquiatría menor en cada unha das áreas sanitarias". Así o recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta sobre o despregamento das medidas incluídas no plan acordado no marco do Diálogo Social.

Rueda indicou que se trata de dous grupos de enfermidades "que representan o 60% das baixas laborais en Galicia". Neste sentido, explicou que "hai arredor de 22.000 incapacidades temporais" que se corresponden con patoloxías músculo-esqueléticas, como poden ser lumbalxias, contracturas cervicais ou síndromes do túnel carpiano, e "arredor de 15.000 casos con trastornos de psiquiatría menor, como depresión ou ansiedade".

O obxectivo, tal e como explicou o presidente, é "mellorar a atención aos traballadores de baixa para favorecer que a recuperación sexa óptima e reducir a posibilidade de que aparezan complicacións ou secuelas da enfermidade".

No eido sanitario, outra medida xa posta en funcionamento este mes é a autorización e comunicación conxunta das actividades das mutuas sobre os procesos de baixa. Deste xeito, a mutua poderá agrupar nunha mesma solicitude as actividades relativas ao proceso de incapacidade temporal, sen ter que tramitar unha petición independente para cada unha. A proposta simplifica a tramitación cunha solicitude máis sinxela que se resolve de forma conxunta, e incorpórase unha única declaración responsable sobre os centros nos que se realizarán as probas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Axudas á substitución e fiestra única
Tal e como lembrou Rueda, a comezos de 2027 prevese convocar axudas para "a substitución de persoas traballadoras autónomas durante baixas de longa duración", co fin de manter activos os seus negocios e de facilitarlles a reincorporación, unha primeira proba dunhas achegas que pretenden estenderse posteriormente tamén ás microempresas.

A Xunta traballa tamén no deseño da Fiestra Única Galega de Saúde Laboral e Apoio á Reincorporación Saudable, "un servizo online e telefónico onde empresas e traballadores poderán obter información sobre as baixas laborais, as axudas dispoñibles ou resolver calquera dúbida", explicou o presidente da Xunta.

Esta fiestra está concibida para canalizar a información do plan e atender consultas e dúbidas tanto das pemes, microempresas e autónomos como das persoas traballadoras por conta allea relacionadas con elas. En concreto, será un servizo público gratuíto que ofrecerá diagnóstico preventivo, asesoramento, orientación, tramitación acompañada das axudas e formación, así como o apoio nos procesos de reincorporación.

No eido da prevención, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) —como organismo técnico de referencia do plan— ultima guías de reforzo da prevención de riscos en actividades como a industria conserveira, carnizarías e chacinarías ou peixarías. Así mesmo, avánzase en documentos sobre a vendima, a viña e as adegas e sobre as explotacións de gando vacún. Posteriormente, incidirase noutros sectores como a limpeza, salóns de peiteado, talleres de reparación de vehículos ou o forestal.

Acompañamento na reincorporación
No eido laboral, Galicia converterase a comezos do ano que vén na primeira comunidade autónoma en contar cun programa de acompañamento no retorno ao traballo tras unha baixa, mecanismo piloto orientado a facilitar unha volta saudable e a evitar recaídas. Así, crearase a figura da persoa coordinadora de reincorporación, que acompañará voluntariamente no retorno ao traballo, sen acceder á historia clínica nin interferir nas decisións dos profesionais sanitarios.

O informe analizado polo Consello sinala, como recolle o propio plan, que a nova figura terá unha dimensión exclusivamente sociolaboral. O obxectivo é que acompañe as persoas traballadoras que o soliciten na súa reincorporación ao posto, en coordinación coa empresa e co servizo de prevención de riscos correspondentes, e estando asistidas tamén, se así o desexan, pola representación legal dos traballadores. Nese senso, o coordinador ou coordinadora poderá axudar na preparación da volta ao traballo e, só co consentimento da persoa afectada, participar na adaptación do posto. Desta maneira, a persoa coordinadora non forma parte do circuíto asistencial nin do inspector: non prescribe, non concede e non intervén na valoración da baixa nin na xestión clínica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Comisión tripartita
Ademais, nas próximas semanas está previsto constituír a comisión tripartita que realizará o seguimento e velará polo cumprimento de todas as medidas incluídas no plan integral. Un plan que busca adaptar as súas medidas á realidade do tecido produtivo galego, con especial atención ás pemes, microempresas e persoas traballadoras autónomas. Nese senso, contémplanse axudas para investimentos en equipamento ergonómico, servizos de atención psicolóxica e musculoesquelética con acceso voluntario e plenamente confidencial ou o financiamento de ferramentas e adaptacións para facer viable a volta ao posto de traballo, entre outras medidas, e que van máis aló das obrigas legais vixentes que deben cumprir as empresas.